

# O PROGRAMA ELECTORAL DOS NENOS: VOTA POR MIN

Dinámica participativa comunitaria sobre Dereitos da Infancia e participación social



Ciudades  
Amigas  
de la Infancia

unicef 

únete por la infancia



# O PROGRAMA ELECTORAL DOS NENOS: VOTA POR MIN

## **Edita:**

Programa Ciudades Amigas de la Infancia de UNICEF España.

[www.ciudadesamigasdelainfancia.org](http://www.ciudadesamigasdelainfancia.org)

## **Coordinación:**

Gregorio Aranda

## **Creación e diseño:**

En Babia Comunicación Social, 2015.

[www.estasenbabia.com](http://www.estasenbabia.com)

## **Ilustracións:**

Miguel B. Núñez para En Babia Comunicación Social.

© Obra orixinal con finalidades non comerciais. En calquera explotación da obra autorizada pola licenza fai falta recoñecer a autoría. Permítese a creación de obras derivadas sempre que se faga un uso comercial delas.



# PRESENTACIÓN

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, e centramos especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos beneficiando a todos os nenos, en todas as partes.

Desde o Comité Español de UNICEF traballamos para dar a coñecer os dereitos dos nenos e velar polo seu seguimento, incluíndo o traballo con todas aquelas persoas e entidades que inflúen directamente sobre o benestar dos nenos que viven no noso país.

O PROGRAMA ELECTORAL DOS NENOS: VOTA POR MIN, é unha iniciativa do Programa Cidades Amigas da Infancia (CAI) que pretende aproveitar un ano marcado por numerosas citas electorais para, a través dunha acción protagonizada por nenos e nenas, chamar a atención sobre o dereito á participación da infancia e sobre o necesario Pacto de Estado pola Infancia.

Este ano electoral ofrécenos unha oportunidade única para demostrar que aínda que os nenos, as nenas e os adolescentes non teñen dereito a voto, sí teñen dereito a participar, e ademais teñen opinións e propostas útiles sobre os temas que máis lles afectan, e debemos esixir que estas se teñan en conta polo conxunto da sociedade.

O PROGRAMA ELECTORAL DOS NENOS: VOTA POR MIN, pretende chamar a atención dos electores e recordar que xa que os menores de idade non poden votar, necesitan que os electores os representen, e teñan en conta os seus intereses e demandas á hora de decidir e emitir o seu voto.

O resultado da dinámica, -un conxunto de propostas elaboradas polos nenos e presentadas en forma de programa electoral que serán difundidas en distintas accións -, contribuirá así mesmo a darlle visibilidade á infancia nun período, o electoral, onde a miúdo os nenos, as nenas e os adolescentes son obviados.

Esta dinámica propúxose para ser realizada de forma colectiva polos Consellos Locais de Infancia e Adolescencia (CLIA) das Cidades Amigas da Infancia que participan no Parlamento Infantil En Liña de UNICEF durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2015.

## MOI IMPORTANTE:

As accións de visibilidade que se propoñen aquí estarán protagonizadas polos nenos, as nenas e os/as adolescentes e levaranse a cabo co obxectivo de difundir as súas ideas e propostas. En ningún caso se deberán utilizar estas accións con fins partidistas ou electoralistas, algo que iría radicalmente en contra dos propósitos do programa CAI.



# INTRODUCCIÓN

A participación infantil é un proceso en que os nenos, as nenas e os/as adolescentes abordan con outras persoas da súa contorna temas que afectan ás súas condicións de vida individuais e colectivas. Os participantes interactúan respectando a dignidade dos demais, coa intención de acadar obxectivos compartidos. Ao longo do proceso os nenos, as nenas e os/as adolescentes experimentan que están a desenvolver un papel útil no seo da súa comunidade.

Á hora de darlle pulo á participación infantil na contorna máis próxima ao neno, nena ou adolescente, o municipio, debemos fomentar procesos participativos que garantan a igualdade dos seus dereitos, ao promover persoas capaces de respectar a diferenza a diversidade e as posibilidades dos demais nun contexto democrático.

A participación infantil está recollida na Convención sobre os Dereitos do Neno, CDN. A CDN recolle no seu artigo 12 o dereito do neno e da nena a expresar a súa opinión en todos os asuntos que lle afecten e a que esta se teña en conta. Tamén fan referencia a este dereito os artigos 13 (dereito á liberdade de expresión), 15 (dereito á liberdade de asociación) e 17 (dereito ao acceso á información axeitada).

A Convención sobre os Dereitos do Neno transformou o modo en que se considera e se trata a infancia en todo o mundo, ao pasar a recoñecer ao neno e á nena como suxeito de dereitos.



# OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- 1** Facilitar as ferramentas necesarias para que os nenos, nenas e adolescentes poidan elaborar un programa electoral propio que recolla as súas propostas sobre os temas:

- 1.** Crise e Familia
- 2.** Sistema Educativo
- 3.** Tecnoloxía
- 4.** Integración e Discapacidade
- 5.** Ocio e Tempo Libre
- 6.** Medio Ambiente
- 7.** Violencia entre iguais
- 8.** Participación

(Estes temas responden á selección feita polos propios nenos nas diferentes sesións do Parlamento Infantil en liña e nos Encontros Estatais de Consellos de Participación Infantil e Adolescentes).

- 2** Achegar a política aos nenos, axudándoos a entender conceptos xerais relacionados coa democracia e o significado dunhas eleccións.
- 3** Recordarlles aos adultos que os menores de idade non poden votar pero teñen ideas e ganas de participar para mellorar a sociedade.
- 4** Incidir na política, ao facer que partidos políticos e electores pensen na infancia á hora gobernar ou elixir aos seus gobernantes.



# ESTRUTURA E DURACIÓN

A dinámica completa está composta de 3 fases ou sesións de traballo distribuídas da seguinte forma:

## SESIÓN 1: O programa electoral dos nenos

Esta fase deberá ser realizada por cada CLIA antes do 27 de marzo de 2015

<b>Introducción</b>	<b>5 min.</b>
<b>1 As eleccións son cousa de nenos?</b> (Que son e por que me afectan as eleccións)	<b>20 min.</b>
<b>2 O noso programa electoral</b>	<b>90 min.</b>

(Os tempos das actividades son aproximados e poden variar)

## SESIÓN 2: Parlamento Infantil En Liña de UNICEF

**Sesión do Parlamento En Liña**

**Xoves 7 de abril de 2015  
de 17:00 a 19:00h.**

## SESIÓN 3: Vota por min

Esta fase realizarase antes do 8 de maio, inicio oficial da campaña electoral das Eleccións Municipais 2015.

<b>Introducción</b>	<b>5 min.</b>
<b>1 Que o saiba todo o mundo (cartel)</b>	<b>60 min.</b>
<b>2 Que o saiba todo o mundo (accións)</b>	<b>40 min.</b>



# Sesión 1

## O programa electoral dos nenos

Esta primeira fase servirá para achegar a política aos nenos. É importante que coñezan, de maneira xeral, conceptos claves que os axudarán a entender de que maneira lles afectan unhas eleccións nas que non poden votar, pero non lles deben ser alleas.

Unha vez que sexan conscientes da importancia do proceso electoral, serán eles os que recollan as súas propostas para elaborar un programa electoral propio.

Recordade que para poder traballar de forma colectiva con todos os CLIA e chegar entre todos a un único e consensado Programa Electoral dos Nenos, esta primeira fase deberedes realizala antes do 27 de marzo de 2015.





# 1

## AS ELECCIÓN SÓN COUSA DE NENOS?

### Materiais:

- Tarxetas impresas e recortadas do Anexo 1

### Desenvolvemento da dinámica

Sentamos a todos os participantes en círculo, nunha aula cómoda.

Repartimos aleatoriamente as tarxetas do Anexo 1 e ímoslles dando a palabra aos que levan as tarxetas na seguinte orde:

1. Democracia
2. Dereito a voto
3. Maioría simple e maioría absoluta
4. Partidos políticos
5. Programa electoral
6. Eleccións municipais
7. Eleccións autonómicas
8. Eleccións xerais
9. Eleccións europeas
10. Campaña electoral

Unha vez que cada tarxeta se lea, o/a dinamizador/a poderá facer as apreciacións oportunas, para centralo coa realidade dos participantes. O obxectivo é que entendan que o que sucede nunhas eleccións tamén lles afecta.

Se se ten en conta que todos os Consellos de Participación Infantil e Adolescente aos que se dirixe esta actividade pertencen ao programa Cidades Amigas da Infancia, incidiremos na importancia da política local e o papel que ela poden ter os nenos, nenas e adolescentes.



Dedicaremos uns minutos a reflexionar e debater sobre os seguintes aspectos:

- Sabedes quen é o alcalde ou alcaldesa do noso municipio?
- A que partido político pertence?
- Que fixeron mentres gobernaron que vos gustara?
- E que fixeron que non vos gustara?
- Que poderían ter feito para vós e non fixeron?
- Sabedes que outros partidos hai no noso municipio?
- Credes que uns e outros pensan nos vosos intereses á hora de presentar os seus programas electorais ou cando gobernan?

***E se facemos o noso propio programa electoral e se llo facemos chegar aos partidos, aos cidadáns e aos medios de comunicación para que pensen en nós?***



# 2

## O NOSO PROGRAMA ELECTORAL

### Materiais:

- **Encerados, folios, cadernos, ordenador ou calquera soporte onde redactar e deixar escritas as nosas propostas con base no modelo do Anexo 2**

### Desenvolvemento da dinámica

O/A dinamizador/a explicaralles aos participantes cal é o obxectivo desta sesión: redactar as propostas que queiramos incluír no noso programa electoral e que despois serán debatidas e completadas coas que fixeran os nenos doutros municipios, para entre todos chegar a un único documento que sexa O programa Electoral dos Nenos.

En función do número e idades dos participantes, así como dos seus intereses persoais, organizaranse grupos arredor dos 8 temas sobre os que imos presentar as propostas:

1. Crise e Familia
2. Sistema Educativo
3. Tecnoloxía
4. Integración e Discapacidade
5. Ocio e Tempo Libre
6. Medio Ambiente
7. Violencia entre iguais
8. Participación

Pedirémoslles aos participantes de cada grupo que debatan entre eles, por grupos, e anoten todas as propostas que queiran para cada tema. Non hai



número mínimo nin máximo de propostas, pero é importante que esas propostas representen a todos na medida do posible.

Recorda que un programa electoral recolle propostas e non queixas. Trátase de achegar medidas ou solucións que levaríamos a cabo se estiveramos a gobernar.

En caso de que os nenos e as nenas dun mesmo grupo non se poñan de acordo á hora de incluír ou non unha proposta concreta, votarán e se a proposta é aceptada por maioría simple, esta será incluída.

Se algún participante quere engadir propostas que non estean enmarcadas nestes temas, poderá facelas igualmente ao engadir un novo tema.

Unha vez que todos os grupos redactaran as súas ideas, elixirase un portavoz de cada grupo.

Sentaremos a todos os participantes no chan e de fronte, situaranse de pé os vogais de cada grupo.

O grupo do primeiro tema comezará a ler as súas propostas. Estamos todos de acordo en incluír estas propostas no noso programa electoral? Votaremos a man alzada e se hai maioría simple darémolo por aprobado.

O grupo do segundo tema lerá as súas ideas. Igual que no caso anterior, votaranse para seren aprobadas ou eliminar algunha proposta se é que non logrou a maioría simple do grupo completo.

Desta forma iranse lendo todas as propostas dos grupos para chegar a un documento final do CLIA que recollerá todo o aprobado de cada tema.

É moi importante que fagades chegar o documento final do voso programa electoral antes do 27 de marzo de 2015 a:

[ciudadesamigas@unicef.es](mailto:ciudadesamigas@unicef.es) indicar no asunto:

Programa Electoral dos Nenos de (nome do voso municipio).

Desta forma poderemos recompilar todos os documentos dos municipios que participen para preparar a sesión do parlamento onde chegaremos a un Programa Electoral dos Nenos común e consensuado.



# Sesión 2

## Parlamento Infantil En Liña de UNICEF

**Sesión do Parlamento En Liña: Xoves 7 de abril de 2015  
de 17:00 a 19:00h.**

Nesta Sesión do Parlamento escoitaremos e debateremos as propostas que cada CLIA presentara para ir votándoas e xerar un único documento que nos represente a todos e que sexa o Programa Electoral dos Nenos.

Dedicaremos unha parte da sesión a propoñer accións de difusión a nivel local e nacional que poidan axudarnos a dar a coñecer o noso Programa Electoral.

**Esperámosvos!!!**



# Sesión 3

## Vota por min

A estas alturas, xa temos un Programa Electoral dos Nenos e agora o importante é que todos o coñezan.

Os obxectivos desta sesión son:

- Que os partidos políticos que se presentan ás eleccións coñezan o noso Programa Electoral e o incorporen ao seu.
- Que os cidadáns que van votar pensen en nós e emitan o seu voto e teñan en conta os nosos intereses.
- Que o conxunto da cidadanía saiba que aínda que somos nenos temos moitas ideas e ganas de participar e mellorar a sociedade.
- Que os medios de comunicación nos dean o protagonismo que merecemos e nos axuden a difundir o noso Programa.
- Que toda a sociedade coñeza e se una ao Pacto de Estado pola Infancia (encontraredes formas de participar en [www.enredate.org/yopidopacto](http://www.enredate.org/yopidopacto) e en [www.unicef.es/pactoinfancia](http://www.unicef.es/pactoinfancia))

**E para iso temos que pensar e decidir como o imos facer!!!**



# 1

## QUE O SAIBA TODO O MUNDO (cartel)

### Materiais:

- Cartolinas, rotuladores de cores, folios, pegamento...
- Ordenador con acceso a internet

### Desenvolvemento da dinámica

Sentamos a todos os participantes en círculo, nunha aula cómoda, a modo de asemblea. O/A facilitador/a propón:

***Agora que temos O Programa Electoral dos Nenos, que podemos facer para que todo o mundo se entere?***

O facilitador/a escoitará aos participantes e iraos guiando a través da seguinte cuestión:

***Que fan os partidos políticos para dar a coñecer o seu programa? (carteis, folletos, material publicitario para caixa de correo, mitins, faladoiros, presenza nos medios de comunicación).***

Máis aló do que decidamos facer nós, se hai unha peza que non pode faltar nun partido político que está en campaña é a do cartel do partido, que soe ter unha imaxe e un lema que define a nosa idea e pide o voto.

O noso lema, o mesmo que usaremos todos os CLIA será: Vota Por Min, pero aínda temos que deseñar un cartel cunha imaxe chula que axude a comunicalo.

(O facilitador poderá amosar distintas imaxes de carteis a través da busca en internet para inspiralos).



Organizaremos os participantes por grupos para que poidan traballar o seu cartel: ao empregar ese mesmo lema, os nenos poderán deseñar o seu cartel da forma e cos materiais que queiran: debuxos feitos por eles, recortes de revistas e xornais, letras, fotos... O que queiran para deseñar un ou varios carteis.

É moi importante que fagades chegar os vosos carteis (fotos ou escaneos) antes do 20 de abril de 2015 a: [ciudadesamigas@unicef.es](mailto:ciudadesamigas@unicef.es) e indicar no asunto: Cartel do Programa Electoral dos Nenos de (nome do voso municipio).

Desta forma poderemos recompilar todos os carteis para elixir o que máis nos representa a todos a través dunha enquisa en liña que se realizará do 21 ao 24 de abril de 2015.





## 2

# QUE O SAIBA TODO O MUNDO (accións)

## Materiais:

- Os carteis e folletos impresos do Programa Electoral dos Nenos serán entregados pola Organización de Cidades Amigas da Infancia aos municipios que o soliciten a través do enderezo electrónico: [ciudadesamigas@unicef.es](mailto:ciudadesamigas@unicef.es)

## Desenvolvemento da dinámica

Explicarémolles aos participantes que desde a Secretaría do Programa Cidades Amigas da Infancia nos van mandar carteis e programas impresos do Programa Electoral dos Nenos, para que poidamos realizar as nosas accións de difusión.

### *Pero, que imos facer con eses carteis e folletos?*

O/A facilitador/a recordará que é importante que se nos ocorran ideas que sexan factibles. Temos que ser capaces de medir as nosas forzas e realizar accións que sexamos capaces de comezar e rematar con éxito, para non frustrarnos.

En función de cantos participantes sexamos e as ideas que xurdan, poderemos definir o noso plan de acción.

Propoñeremos aos nenos/as as seguintes posibles accións para que sexan eles os que decidan cales van realizar:

- Material de publicidade na caixa de correo do noso programa no municipio.
- Convocatoria a medios de comunicación para unha rolda de prensa onde se presente o Programa.



- Presentación do noso Programa Electoral nos colexios para que todos os nenos e nenas o coñezan.
- Carta aos grupos políticos do noso municipio co noso Programa e a petición do Pacto de Estado pola Infancia.
- Acción de pegada de carteis como inicio de campaña.
- Nota de prensa para enviarlles aos medios de comunicación locais e pedirles que nos entrevisten e nos axuden a difundir o noso Programa Electoral.
- Recollida de sinaturas do Pacto de Estado pola Infancia entre os veciños e veciñas do municipio.

Una vez que hayamos decidido qué acciones llevaremos a cabo, organizaremos grupos de trabajo y estableceremos un calendario donde detallaremos las tareas que hay que realizar y decidiremos quiénes serán los encargados de llevarlas a cabo.



**1**

**Democracia**

**2**

**Dereito a voto**

**3**

**Maioría simple  
e maioría absoluta**

**4**

**Partidos políticos**

**5**

**Programa electoral**

**6**

**Eleccións  
municipais**

**7**

**Eleccións  
autonómicas**

**8**

**Eleccións  
xerais**

**9**

**Eleccións  
europeas**

**10**

**Campaña electoral**

## Dereito a voto

De momento en España e en case todos os países do mundo, para votar nunhas eleccións hai que ser maior de idade.

En Europa, só en Austria e Chipre os mozos e mozas de 16 anos xa teñen dereito a voto.

## Democracia

A democracia é unha forma de goberno na que os cidadáns, a través do voto, escollen aos gobernantes que os representarán para dirixir o país.

As primeiras eleccións democráticas de España foron no 1977.

## Partidos políticos

Un partido político é un grupo organizado de persoas que comparten ideas similares sobre como debe gobernarse un municipio, unha comunidade ou un país.

PP, PSOE, Esquerda Unida, UpyD e Podemos son actualmente os partidos nacionais máis importantes. Tamén hai partidos locais.

## Maioría simple e maioría absoluta

A maioría simple significa que nunha votación se elixe a opción que máis votos teña. É suficiente cun voto de diferenza.

A maioría absoluta é cando nunha votación, onde hai máis de dúas opcións, algunha das opcións ten máis da metade dos votos totais.

## Eleccións municipais

As eleccións municipais celébranse para elixir ao equipo de goberno local (alcalde/sa, concelleiros ...).

Normalmente celébranse cada 4 anos e soen coincidir coas eleccións autonómicas.

O 24 de maio de 2015 hai eleccións municipais en España.

## Programa electoral

Un programa electoral é un documento que recolle as medidas e propostas que levará a cabo un partido político en caso de ser elixido para gobernar.

## Eleccións xerais

As eleccións xerais celébranse para elixir ao equipo de goberno do país (presidente/a, ministros, deputados, senadores ...).

Normalmente celébranse cada 4 anos.

A finais de 2015 haberá eleccións xerais en España.

## Eleccións autonómicas

As eleccións autonómicas celébranse para elixir ao equipo de goberno da Comunidade Autónoma (presidente/a da Comunidade, Conselleiros/as ...).

Normalmente celébranse cada 4 anos e soen coincidir coas eleccións municipais.

O 24 de maio de 2015 hai eleccións autonómicas en España aínda que Galicia, País Vasco, Andalucía e Cataluña celébranas en datas distintas.

## Campaña electoral

A campaña electoral son as accións que os partidos políticos realizan para dar a coñecer as súas propostas e conseguir o maior número de votos para poder gobernar.

Oficialmente comeza 21 días antes das eleccións.

## Eleccións europeas

As eleccións europeas celébranse para elixir aos Deputados/as do parlamento Europeo, a institución parlamentaria da unión europea.

Celébranse cada cinco anos. As últimas foron en 2014.

(Isto é só unha suxestión de estrutura. O documento real será todo o extenso que se requira para acoller todas as propostas)

Os nenos, nenas e adolescentes do Consello Local de Infancia e Adolescencia de:

-----  
presentamos as seguintes propostas para que se incorporen ao Programa Electoral dos Nenos se son aprobadas polo resto de Consellos.

**En materia de Crise e Familia:**

- 1 -----
- 2 -----
- 3 -----
- 4 -----
- 5 -----

**En materia de Sistema Educativo:**

- 1 -----
- 2 -----
- 3 -----
- 4 -----
- 5 -----

**En materia de Tecnoloxía:**

- 1 -----
- 2 -----
- 3 -----
- 4 -----
- 5 -----

**En materia de Integración e Discapacidade:**

- 1 -----
- 2 -----
- 3 -----
- 4 -----
- 5 -----

**En materia de Ocio e Tempo Libre:**

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....
- 5 .....

**En materia de Medio Ambiente:**

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....
- 5 .....

**En materia de Violencia Entre Iguais:**

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....
- 5 .....

**En materia de Participación:**

- 1 .....
- 2 .....
- 3 .....
- 4 .....
- 5 .....

Asinado, en ..... a de ..... de 2015



**UNICEF Comité Español propón a nenos, nenas e adolescentes e a toda a sociedade que vos unades a este gran Pacto de Estado pola Infancia, como?**

### **1. Comparte este documento**

Podes imprimilo e levalo a clase e ao teu grupo de actividades extraescolares: deporte, música, teatro, danza, inglés, etc. Fai que os teus amigos e amigas o lean e comproba que opinan: están de acordo? Ocorrénselles máis ideas? Quérense unir o pacto?

### **2. 2. Asina un documento de adhesión al Pacto**

Podes descargarche a plantilla na web de Enrédate e na web do Parlamento Online. Ou mellor aínda, entre toda a clase facede o voso propio póster, plasmando o contido desde folleto e asinando o compromiso ao final.

### **3. 3. YoPidoPacto nas redes sociais**

Demostrede o voso apoio en todas as redes que utilicedes para comunicarvos cos vosos amigos e amigas e outras persoas da vosa idade. Encontraredes perfís, páxinas e hashtag baixo o título “Yo pido pacto” nos perfís de UNICEF das principais redes sociais.



# Pacto pola Infancia

Do voso Benestar DEPENDE O NOSO Futuro

Infórmate máis en: [www.enredate.es](http://www.enredate.es)  
[parlamentoinfantil.ciudadesamigasdelainfancia.org](http://parlamentoinfantil.ciudadesamigasdelainfancia.org)  
ou escríbenos a [pactoinfancia@unicef.es](mailto:pactoinfancia@unicef.es)

**unicef**   
únete por la infancia